

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2013. Nº 8/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)

D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

INDICE:

1. Aprobación , se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2. Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3. Expediente de concesión de bonificación no ICIO para obras de acondicionamento de local para vivenda adaptada de ASPADEZA.....	páx. 6
4. Expediente de crédito extraordinario número 7-P/2013	páx.7
5.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de eliminación do informe de illamento acústico nas licenzas de primeira ocupación.....	páx. 9
6.- Rogos e preguntas.....	páx.10

=====

Sendo as dez horas do día **2 de setembro de 2013, luns**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental *D. Jorge García Fernández* e como Interventora Accidental *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

Non asisten á sesión a concelleira do grupo popular *D^a. M^a Eva González Brea* e os concelleiros do grupo socialista *D. Francisco Pérez Donsión* e *D^a Beatriz García Iglesias*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 1 de agosto de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do día 1 de agosto de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NO ICIO PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA VIVENDA ADAPTADA DE ASPADEZA.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de agosto de 2013.

Sometida a votación ordinaria a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda, mediante o sistema de man alzada, apróbase a proposta por UNANIMIDADE dos dezoito (18) concelleiros presentes.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta do seguinte tenor:**

Con data do 22 de maio de 2013 (Registro de entrada nº 2891), D^a Ángeles Baldonado Taboada, actuando en representación da asociación ASPADEZA, solicita do Concello de Lalín a declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal das Obras de acondicionamento de planta baixa sita na rúa 23 esquina Rúa 24 de Lalín para vivenda adaptada para persoas con discapacidade, por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración aos efectos da concesión da bonificación contemplada no artigo 6º da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras vixente neste concello. Co citado escrito achéganse un avance

do proxecto de obra, a memoria de actividades desenvolvidas no ano 2012, a declaración de utilidade pública da Asociación polo Ministerio do Interior; así mesmo, no expediente consta a memoria xustificativa do interese social da obra para a que se solicita a licenza, proxecto modificado e informe favorable do arquitecto técnico municipal.

Á vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran no expediente, **acórdase**:

Primeiro: Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de acondicionamento de planta baixa sita na rúa 23 esquina Rúa 24 de Lalín para vivenda adaptada para persoas con discapacidade (expte. 7151/13), por concorrer circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

Segundo: Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a que se solicita licenza por parte da asociación ASPADEZA.

4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 7-P/2013.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de agosto de 2013.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** explica a proposta de acordo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** manifesta que o seu grupo non apoiou, no seu momento, a inversión na Praza de Galicia porque entenden que hai outras prioridades en que investir e, consecuentemente, non van votar a favor da proposta que agora se presenta.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, en idéntico sentido, expresa que están en contra de investir máis fondos públicos na Praza de Galicia e no Castro Tecnolóxico.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que é certo que hai outras cousas en que investir, pero que é necesario rematar as obras pendentes na Praza de Galicia.

Rematou as intervencións o **Sr. Alcalde** manifestando que é preciso realizar as obras previstas na Praza de Galicia, debido a que xa hai veciños vivindo na zona e que, por tal motivo, procede aprobar a presente modificación orzamentaria.

Sometido a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), do PP.

Votos en contra: dous (2) do BNG.

Abstencións: tres (3), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE e unha (1) do PGD.

En consecuencia, **APROBOUSE a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 7-P/2013 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os

gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a execución das obras da Segunda Fase do Acondicionamento da Praza de Galicia, que se financiarían, basicamente, mediante a baixa da aplicación orzamentaria prevista para a dotación do subministro eléctrico ao Pazo de Liñares, que vai ser acometido con cargo ao Presuposto da Deputación Provincial de Pontevedra, **acordouse**:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
151.609.17	Urbanismo. Acondicionamento da Praza de Galicia II Fase	85.360,97
		TOTAL ALTAS 85.360,97 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
151.623.26	Urbanismo. Dotación suministro eléctrico Pazo de Liñares	80.000,00
920.623.00	Admon Xeral. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	5.360,97
		TOTAL BAIXAS 85.360,97 €

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE ELIMINACIÓN DO INFORME DE ILLAMENTO ACÚSTICO NAS LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 24 de agosto de 2013, número de rexistro 4865 de 24 de agosto de 2013. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 29 de agosto de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo a moción.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** manifesta estar de acordo coa moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** coincide cos anteriores na necesidade de revisar a ordenanza.

Dende o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** explica que, en principio, o seu grupo votará en contra, pero que deixan a porta aberta a que se revise a ordenanza, no sentido expresado na moción, a finais de ano, cando se revisen o resto das ordenanzas municipais.

Igualmente manifesta que, de todos modos, a esixencia do informe de illamento acústico nas vivendas unifamiliares é unha garantía para o comprador da vivenda.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1.- Dar as instrucións oportunas aos servizos de urbanismo do Concello para que de xeito inmediato eliminen a esixencia do certificado de illamento acústico nas solicitudes de licenza de primeira ocupación, sen prexuízo de que a poida aportar voluntariamente o solicitante se o estima oportuno, e sen prexuízo de que se incremente a taxa pola obtención desta licenza, toda vez que hai un requisito novo que o Concello ten que comprobar e que pode ter un custo que antes non estaba previsto.

2.- Que se elimine o requisito totalmente no caso de vivendas unifamiliares illadas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13), do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

6.1 ROGOS.

Presentados de forma verbal durante a sesión:

6.1.1.- D. Xesús Cordeiro Budiño solicita que se manteñan abertas as piscinas exteriores ata que comece o curso escolar.

Contesta o **Sr. Alcalde** que, hoxe, abríronse as piscinas cubertas e que o concello non pode manter abertas as dúas piscinas ao mesmo tempo. Se se presentase esta cuestión a semana

pasada, podería terse retrasada a apertura das piscinas cubertas e manter abertas as outras.

6.1.2.- D. Camilo Conde López presenta un rogo no que se expresa que, na rúa Areal, inda que a razón de espacio existente motiva a posibilidade do estacionamento en batería, recentemente, se ven producindo o feito de que adoitan estacionar vehículos grandes (furgonetas, camiións, autobuses, etc.). Estes vehículos ocupan grandes espazos que distorsionan o normal estacionamento aos veciños. Polo que solicita que se sinalice debidamente, evitando este tipo de problemas.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

6.2 PREGUNTAS.

Presentados de forma verbal durante a sesión:

6.2.1.- D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez manifesta que, hai uns días, na Praza de Galicia estaba traballando un camiión da mancomunidade e pregunta se esa obra non se está a realizar por unha empresa privada con contrato co concello.

Contesta o **Sr. Alcalde** que o camiión referido non estaba a traballar na obra que se está a executar mediante contrato. Sinala que existe un solar de propiedade privada, a carón do terreo público, que agora non se vai edificar e que a realización das obras na praza co mantemento do solar no estado actual supoñían unha situación de perigo pola diferenza de rasante. Por tal motivo, previo acordo cos propietarios, o concello está a botar terra no solar e a darlle a rasante da praza. Isto faise de xeito temporal ata que os propietarios edifiquen no solar.

E, sendo as once horas e quince minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente